

LISTAS CONTRATACIÓN TEMPORAL DA XUNTA DE GALICIA

Fonte: páxina web da Xunta de Galicia e elaboración propia
<http://funcionpublica.xunta.es/?q=node/92>

En que consisten?

A Xunta de Galicia ten listas de contratación temporal tanto para persoal interino como para persoal laboral. Estas listaxes están reguladas polo decreto 37/2006 de 2 de marzo e polo decreto 5/2007, de 25 de xaneiro.

As listas poden estar abertas ou pechadas. Se están abertas poden anotarse todas aquelas persoas que cumpran os requisitos da categoría na que se queiran anotar (titulación académica, certificado de galego e os demais que se establezan en cada caso). Se as listaxes están pechadas só poderán anotarse as persoas que teñan servizos prestados ou exercicios aprobados do último proceso selectivo da Xunta de Galicia na mesma categoría na que se queren anotar, ademais de cumprir os requisitos académicos... que estableza a citada categoría.

Cando abren as listas?

Con carácter xeral as listaxes abren do 1 de marzo ó 15 de xullo de cada ano. Non abren tódalas categorías polo que cada ana cómpre estar pendente das categorías abertas. Con carácter extraordinario poden abrir algunhas categorías en calquera época do ano segundo as necesidades de contratación de persoal por parte da Xunta de Galicia. As convocatorias de apertura de listas aparecen sempre publicadas no DOG (Diario Oficial de Galicia) e na páxina web da Xunta de Galicia.

Que debo ter en conta?

As listas aparecen agrupadas por categorías segundo a titulación necesaria para inscribirse en cada caso. Cada persoa pode anotarse en tantas categorías como queira sempre que cumpra os requisitos. Á hora de inscribirse hai que indica-lo ámbito xeográfico no que se quere anotar unha persoa, é dicir, a zona na que lle interesaría traballar. Para cada categoría pode escollerse entre un mínimo de 1 e un máximo de 3 ámbitos. Dependendo da categoría o ámbito pode ser por agrupación de municipios, distritos forestais (no caso do persoal de incendios), ámbito provincial, servizos centrais ou ámbito autonómico. Os requisitos específicos de cada categoría así como os ámbitos xeográficos poden consultarse na páxina web da Xunta de Galicia.

Como me anoto?

Cando unha persoa quere anotarse nunha ou varias listaxes ten que achega-la seguinte documentación:

- **Solicitud de inscripción debidamente cuberta.** Esta solicitude só está dispoñible a través da páxina www.xunta.es no apartado función pública - listas de contratación - xeración de solicitudes. Esta solicitude deberá ser presentada nos rexistros da Xunta de Galicia ou demais lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, (pódese enviar dende o concello gratuitamente a través do portelo da Xunta de Galicia), xunto co resto da documentación requirida.
- **Impreso de pago de taxa.** Segundo o disposto no anexo I da Lei 6/2003, do 9 de decembro de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, o importe da taxa por inscrición nas listas para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo na Administración da Comunidade Autónoma é para o ano 2017 de 17.15 €.

De acordo co establecido no artigo 23 da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia estarán **exentos do pago da taxa para a inscrición nas listas de contratación:**

- **Persoas con minusvalía igual ou superior ao 33%.** Esta circunstancia acreditarase coa copia compulsada do certificado de discapacidade ou da resolución pola que se declara a incapacidade permanente total.
 - **Persoas que sexan membros de familias numerosas** clasificadas **na categoría especial.** No caso de **membros de categoría xeral terán unha bonificación do 50%.** Este extremo acreditarase coa copia compulsada do título de familia numerosa.
 - **Persoas que figuraren como demandantes de emprego dende, polo menos, 6 meses antes á data de convocatoria.** Será requisito para o goce da exención do 50 % do importe da taxa que non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego. A acreditación desta situación farase coa certificación expedida pola oficina de emprego na que conste que a / o aspirante figura como demandante de emprego dende, polo menos, o 1 de setembro de 2016 ata a data da súa solicitude e que na data da solicitude non percibe prestación ou subsidio por desemprego.
-
- **Certificado** debidamente compulsado do **grao de coñecemento do idioma galego.**
 - **Fotocopia, debidamente compulsada, que acredite a titulación requirida e os demais requisitos da lista.**
 - De conformidade co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, **non será necesaria a presentación da fotocopia do DNI xunto coa instancia de inclusión nas listas, sempre e cando o interesado manifeste o seu consentimento expreso, que deberá constar na mesma solicitude, para que o órgano competente poida acceder á comprobación dos seus datos de identidade.** Si a persoa interesada non manifesta o dito consentimento será necesario enviar fotocopia compulsada do DNI.

IMPORTANTE: Cómpre ter en conta que por cada categoría á que queiramos anotarnos temos que facer un xogo de documentación completa. Por exemplo se queremos anotarnos a 3 categorías debemos encher 3 solicitudes, pagar 3 taxas (ou entregar 3 copias compulsadas da documentación de exención de taxa), 3 copias compulsadas do certificado de galego, 3 copias compulsadas do título académico e dos demais requisitos da lista e 3 consentimentos para que o órgano competente poida acceder á comprobación dos datos de identidade, en caso de non envia-los ditos consentimentos habería que enviar 3 copias compulsadas do DNI.

Unha vez feita a solicitude, que debo ter en conta?

Unha vez feita a solicitude de inclusión nas listas debes estar moi pendente dos procedementos que se seguen por si cometiches algún erro na túa solicitude ou si se produce algún extravío de documentación porque hai un prazo para emendar causas de exclusión.

O primeiro paso unha vez que remata o prazo de solicitude é a comprobación por parte do persoal da Xunta de Galicia das solicitudes e a publicación das listas provisionais de admitidos e excluídos. Unha vez publicadas hai 10 días para emendar erros. Cando remata este prazo e comprobadas as emendas saen as listas definitivas. Posteriormente pásase a estado de chamamentos.

Na lista de chamamentos podes ver a posición que tes en cada unha das categorías e facer un seguimento do movemento das listas. Para as listas que abren entre o 1 de marzo e o 15 de xullo séguese o seguinte calendario.

- **Elaboración das listas.** No período comprendido entre o 1 de setembro e o 31 de decembro.
- **Lista provisional de admitidos e excluídos.** Aparece sempre a resolución no DOG abríndose un prazo de 10 días hábiles para presentar alegacións ou emendar erros.
- **Lista definitiva de admitidos e excluídos.** Publícase a resolución no DOG, a persoa interesada dispón dun mes para presentar un recurso de alzada se non está conforme coa resolución. Unha vez publicada a lista definitiva pásase a estado de chamamentos.

- **Actualización de méritos.** Os méritos por servizos prestados e chamamentos atendidos serán obxecto de actualización no mes de febreiro de cada ano, publicándose unha resolución provisional no DOG no que se establecerá un prazo de 10 días hábiles para presentar reclamacións.

Nas categorías do Pladiga os integrantes das listas poderán presentar solicitude de actualización de méritos no mes de xaneiro, achegando os servizos prestados nos concellos.

Unha vez revisadas as alegacións, publicarase a lista definitiva no DOG e o interesado terá un prazo dun mes dende a publicación para presentar o recurso de alzada.

A puntuación por exercicios superados do último proceso selectivo actualizarase o día seguinte á publicación do nomeamento no DOG dos aspirantes que superaron o citado proceso.

Que méritos puntúan nas listas?

- Exercicios superados no último proceso selectivo para o mesmo grupo, corpo, escala ou categoría da Xunta de Galicia.
- Servizos prestados no mesmo grupo, corpo, escala e categoría na Xunta de Galicia
- Cada chamamento pola mesma lista, aceptado e rematado sen renuncia ó desempeño do posto.
- Para a cobertura de postos reservados ás categorías de persoal laboral dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais e de persoal do Plan Infoga tamén se baremarán os servizos prestados en concellos e mancomunidades de municipios da Comunidade Autónoma de Galicia na mesma categoría, categorías análogas ou asimilables así como o coñecemento do terreo nalgún dos municipios incluídos nos distritos forestais que solicitan.

Como fago si quero modificar algún dato?

- **Datos persoais.** As persoas inscritas nas listas poderán solicitar o cambio dos seus datos persoais en calquera momento, facéndose efectivo o dito cambio ós 15 días naturais dende a súa presentación.
- **Modificación de ámbitos.** O persoal inscrito nas listas poderá solicitar o cambio de ámbitos no mes de xaneiro, facéndose efectivo o 1 de marzo dese mesmo ano.

Os integrantes das listas de categorías do Pladiga que desexen modificar o concello de empadramento farano, no mes de xaneiro, coa mesma solicitude de modificación de ámbitos e achegarán o certificado de empadramento.

- **Suspensión de chamamentos.** Os integrantes das listas que non se atopen prestando servizos poderán solicitar a suspensión de chamamentos para non ser citados.

Esta solicitude é irrenunciable e producirá efectos ós 10 días da súa presentación no rexistro do órgano competente. A suspensión poderá solicitarse por períodos de 2, 6 ou 12 meses. Calquera citación recibida antes de ser efectiva a suspensión deberá ser atendida polo interesado xa que en caso contrario quedará excluído da lista.

Importante:

- Se un integrante das listas non acude a un chamamento ou renuncia a este quedará excluído da lista por un ano, podendo presentar reclamación ante a Comisión Permanente Central.
- A situación dos integrantes das listas poderá consultarse na páxina web da Xunta de Galicia así coma as citacións pendentes.

Máis información

- Dúbdas técnicas sobre a aplicación informática
Teléfono: 881 999 883 ; **Fax:** 981 545 225
Correo-e: soporte.rrhh@xunta.gal
- Información e resolución de dúbidas
Teléfono: 881 995 460

Normativa de interese

- Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, publicado no DOG do 9 de marzo de 2006.
- Decreto 5/2007, de 25 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 37/2006, de 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, publicado no DOG de 29 de xaneiro de 2007.
- Decreto 124/2016, de 8 de setembro, polo que se modifica o Decreto 37/2006, de 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia
- Acordos da comisión permanente
http://ficheiros-web.xunta.gal/funcion-publica/contratacion-temporal/20170112_acordos_comision_permanente.pdf

Causas de forza maior para non acudir a un chamamento

CAUSAS DE FORZA MAIOR		
CAUSAS	ACREDITACIÓN	EFECTOS
INTERVENCIÓN CIRÚRXICA OU INTERNAMENTO HOSPITALARIO	Certificado do centro hospitalario no que conste a data de ingreso e a data da alta, se esta tivera lugar	ESTIMACIÓN DA RECLAMACIÓN se o internamento coincide coa data do chamamento ou da toma de posesión. ADEMAIS SUSPENSIÓN DE OFICIO POR DOUS MESES a contar desde a data da reclamación
EMBARAZO DE ALTO RISCO	Certificado médico no que se acredite esta circunstancia	ESTIMACIÓN DA RECLAMACION ADEMAIS SUSPENSIÓN DE OFICIO POR DOUS MESES a contar desde a data da reclamación, excepto que o interesado solicite a suspensión xunto coa reclamación, en cuxo caso se lle suspenderá polo período solicitado
PROXIMIDADE DO PARTO	Certificado médico no que se acredite esta circunstancia	ESTIMACIÓN DA RECLAMACIÓN ADEMAIS SUSPENSIÓN DE OFICIO POR DOUS MESES a contar desde a data da reclamación, excepto que o interesado solicite a suspensión xunto coa reclamación, en cuxo caso se lle suspenderá polo período solicitado
PARTO	Certificado médico no que se acredite esta circunstancia	ESTIMACIÓN DA RECLAMACIÓN CANDO SE ATOPE DENTRO DO PERÍODO DE DESCANSO OBRIGATORIO (6 OU 8 SEMANAS). ADEMAIS SUSPENSIÓN DE OFICIO POR DOUS MESES a contar desde a data da reclamación, excepto que o interesado solicite a suspensión xunto coa reclamación, en cuxo caso se lle suspenderá polo período solicitado



Concello de
Camariñas
A CORUÑA

Casa de Pedra. Praza Insuela s/n 15123 Camariñas
Tel: 981737004 / 653260746
e-mail: margarita.seijas@camarinas.net

www.camarinas.net
www.facebook.com/AdlCamariñas
<https://twitter.com/adlcamarinas>



MORTE DUN FAMILIAR	Certificado de defunción e do vínculo de parentesco	ESTIMACIÓN DA RECLAMACIÓN CANDO EXISTA UNHA RELACIÓN DE SEGUNDO GRAO DE CONSANGUINIDADE OU AFINIDADE
ACCIDENTE DE TRÁFICO	Certificado ou parte da autoridade competente, garda civil, policía local...	ESTIMACIÓN DA RECLAMACIÓN
NOTIFICACIÓN TARDÍA MEDIANTE POSTAL EXPRESS	Copia do resguardo de entrega do envío mediante Postal Express	ESTIMACIÓN DA RECLAMACIÓN SE O 1º INTENTO DE NOTIFICACIÓN SE FIXO CON MENOS DE 2 DÍAS HÁBILES DE ANTELACIÓN
NOTIFICACIÓN TARDÍA MEDIANTE TELEGRAMA	Copia do resguardo de entrega do telegrama	ESTIMACIÓN DA RECLAMACIÓN SE O 1º INTENTO DE NOTIFICACIÓN SE FIXO CON, POLO MENOS, 24 HORAS DE ANTELACIÓN
BAIXA LABORAL NO CASO DE MELLORA DE POSTO (CHAMAMENTO PARA VACANTE CANDO SE OCUPA NON VACANTE)	Parte de baixa laboral ou certificado de ingreso hospitalario	ESTIMACIÓN DA RECLAMACIÓN



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA